

<p>1.- A solución VPN de código aberto, que emprega o estándar SSL/TLS chámase:</p> <p>a) OpenVPN b) PPTP c) L2TP</p>
<p>2.- No protocolo HTTP o código status asociado ao erro “BAD REQUEST” é</p> <p>a) 302 b) 501 c) 400</p>
<p>3.- O porto predeterminado para HTTPS é</p> <p>a) 443 b) 80 c) 110</p>
<p>4.- Cal destas direccións IP podemos asignar a un host</p> <p>a) 10.124.256.1 b) 0.0.0.0 c) 10.128.18.80</p>
<p>5.- O “phising” consiste, basicamente, en</p> <p>a) Adiviñar unha chave por forza bruta b) Facerse pasar por unha entidade lexítima para roubar información privada c) Aproveitar as vulnerabilidades dalgúns sistemas operativos</p>
<p>6.- Os conectores SC y ST empréganse con</p> <p>a) cable coaxial b) cable de pares c) fibra óptica</p>
<p>7.- O porto empregado polo protocolo POP3 é:</p> <p>a) 1421 b) 110 c) 25</p>
<p>8.- Elixe a terna de palabras reservadas en Java</p> <p>a) abstract, import, interface b) double, implements, supra c) else, any, enum</p>
<p>9.- As siglas REST corresponden a</p> <p>a) Resilient Syntethic Transformation b) Representational State Transfer c) Reduced Sets Triads</p>

<p>10.- Cal destas afirmacións sobre a linguaxe XML é correcta</p> <p>a) XML emprega etiquetas predefinidas b) A linguaxe XML está deseñada para a presentación de datos c) A linguaxe XML está deseñada para o intercambio de información</p>
<p>11.- Nas linguaxes de programación orientadas a obxectos a declaración e definición de métodos co mesmo nome, pero diferentes argumentos chámase</p> <p>a) Sobrecarga b) Polimorfismo c) Integridade</p>
<p>12.- Cal dos seguintes non é un operador de agregación en SQL</p> <p>a) SUM b) COUNT c) DISTINCT</p>
<p>13.- Escolla a afirmación correcta sobre un sistema de xestión de base de datos</p> <p>a) A linguaxe DML permite a definición de táboas b) A linguaxe DCL permite controlar o acceso a datos c) A linguaxe DDL permite a manipulación de datos</p>
<p>14.- Sinala a que se corresponde a seguinte definición "técnica de desenvolvemento web para crear aplicacións que se executan no cliente, mentres se mantén a comunicación asíncrona co servidor en segundo plano"</p> <p>a) XHTML b) Servlet c) AJAX</p>
<p>15.- Un proxy inverso:</p> <p>a) Faise cargo das solicitudes procedentes de Internet e transmíteas a servidores internos en segundo plano b) Canaliza todas as solicitudes procedentes da rede interna e transmíteas ao servidor de destino en Internet coa súa propia dirección remitente c) É un servidor web redundante con balanceo de carga</p>
<p>16.- Cales dos seguintes son algoritmos para a xeración dun resumo a partir dun conxunto de datos?</p> <p>a) RSA e XA-1 b) MD5 e XA-1 c) XA-2 e WAP</p>
<p>17.- Os routers ou encamiñadores funcionan no nivel OSI::</p> <p>a) Nivel 3 b) Nivel 2 c) Nivel 4</p>
<p>18.- A multiprogramación nun sistema operativo:</p> <p>a) Divide o tempo de CPU en períodos idénticos de tempo que se asignan aos diferentes procesos b) Asegura que a CPU só estea desocupada cando non quede ningún proceso pendente c) Permite só simultanear operacións de E/S con operacións de cálculo</p>

19.- No caso de utilizar un único método, economízase tempo de restauración con copias de seguridade de tipo:

- a) Incremental
- b) Diferencial
- c) **Completo**

20.- A intrusión baseada na habilidade do intruso en enganar á xente para que rompa os procedementos normais de seguridade chámase:

- a) Surfeo sobre os ombreiros (shoulder surfing)
- b) **Enxeñaría social**
- c) Pegadas do cerebro (brain fingerprinting)

21.- Quérese obter todas as liñas dun ficheiro de texto que non conteñan a palabra “inventario”. Con que ferramenta de Linux podería facerse?

- a) **grep**
- b) find
- c) locate

22.- O sistema operativo Android:

- a) **Está baseado no kernel de Linux**
- b) É unha distribución de Linux
- c) É o resultado da combinación de Linux e Firefox OS

23.- No contexto das bases de datos que seguen o modelo relacional, unha superclave é:

- a) **Un atributo ou conxunto de atributos que permite identificar de forma única unha fila nunha táboa**
- b) Una clave candidata mínima, é dicir, unha crave candidata formada por un só atributo
- c) Unha clave primaria combinada cun identificador único xerado polo xestor de base de datos, co fin de reforzar a integridade e seguridade da información

24.- Respecto dos diagramas de fluxos de datos, sinala a resposta correcta:

- a) Proporcionan un mecanismo para o modelado funcional, non sendo necesario considerar o fluxo de información
- b) Por si sos, son unha ferramenta suficiente para describir os requisitos do software
- c) **Nos sucesivos niveis de detalle é necesario manter a continuidade do fluxo de información**

25.- Cal dos seguintes protocolos permite coñecer en tempo real se un certificado foi ou non revogado?

- a) **OCSP**
- b) PKCS#10
- c) CRL

26.- Un conmutador é non bloqueante cando:

- a) Non permite bloquear paquetes de datos segundo o tipo de tráfico.
- b) Non pode ser configurado para bloquear certos portos de saída.
- c) **Sempre atopa un camiño libre entre un porto de entrada e un de saída.**

27.- ¿Cal das seguintes corresponde a unha recomendación internacional consolidada relativa a pautas de accesibilidade para contido na web?

- a) WCAG
- b) TAW
- c) PAEE

28.- Os actos das administracións públicas son nulos de pleno dereito:

- a) cando teñan contido imposible
- b) cando incorran en infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder
- c) cando o defecto de forma do que adoezan dea lugar a indefensión dos interesados

29.- Consonte ao que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Santiago de Compostela é:

- a) A galega igual cá dos demais topónimos de Galicia
- b) Pódese utilizar a forma galega ou castelán indistintamente
- c) A forma castelán ou a galega segundo o decida cada concello, mediante acordo do Pleno da Corporación.

30.- Consonte ao artigo 3 da Constitución española de 1978

- a) O castelán é a lingua española oficial do Estado
- b) Todas as linguas españolas son tamén oficiais en todo el Estado
- c) A lingua oficial a determina cada Comunidade Autónoma para o seu ámbito territorial

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- Un "proxy" ou apoderado de HTTP empregado para a conexión de usuarios dunha organización a Internet:

- a) Esencialmente só serve para mellorar os tempos de acceso a Internet
- b) Só permite controlar quen poden acceder e a que servidores
- c) É un elemento de seguridade

2.- Cal das seguintes NON é unha definición de liberdade esencial do software libre?

- a) Executar o programa con calquera propósito, sen necesidade de notificar a ninguén
- b) Estudar o funcionamento do programa e modificalo para uso propio, sen necesidade de notificar a ninguén
- c) Distribuír copias de versións modificadas dun programa, notificándoo previamente

3.- O estándar tamén coñecido como WIFI 6 é:

- a) IEEE 802.11ac
- b) IEEE 802.11ax
- c) IEEE 802.11b

4.- Marque a afirmación correcta:

- a) O municipio é a entidade local básica da organización territorial do Estado e os seus elementos son o territorio, a poboación e a administración.
- b) Son elementos do municipio o territorio, a poboación e a organización.
- c) O municipio é a entidade local non territorial básica da organización do Estado e os seus elementos son o territorio, a organización e a administración.